03/07/2023

# ACREDITACIÓN NA CUALIFICACIÓN PROFESIONAL DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS BIBLIOTECARIOS

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades pon en marcha o proceso de avaliación, recoñecemento e acreditación de competencias profesionais para a Prestación de servizos bibliotecarios.

Este procedemento permite obter unha certificación que avale as competencias profesionais desenvolvidas por aquelas persoas que non contan con titulación oficial que as acredite. Esta certificación é válida en toda España.

A cualificación profesional Prestación de servizos bibliotecarios (Código: SSC611_3) é unha cualificación de nivel 3, está encadrada na área profesional Servizos Socioculturais e á Comunidade e está composta polas seguintes unidades de competencia:

- UC2594_3 - Informar ao usuario da biblioteca
- UC2595_3 - Formar ao usuario da biblioteca
- UC2025_3 - Desenvolver actividades de extensión cultural e bibliotecaria
- UC2024_3 - Efectuar o servizo de acceso ao documento
- UC2023_3 - Manter os fondos da colección da biblioteca

A Asociación profesional Bamad Galicia é entidade colaboradora neste proceso, polo que está habilitada para facer de intermediaria entre as persoas interesadas e a Administración. Deste xeito, encargarase de informar, asesorar e tramitar as solicitudes no proceso de avaliación e recoñecemento das competencias profesionais para que se poida seguir adecuadamente, e tamén sobre a formalización e presentación da documentación pertinente.

Procedemento de acreditación

Poderase solicitar a acreditación en todas as unidades de competencia ou nalgunha delas de xeito independente.

- Vías de acceso

Existen dúas vías de acceso ao proceso de acreditación: mediante experiencia laboral ou a través da formación. Deberase optar por unha delas en cada unidade de competencia que se desexe acreditar.

No caso da experiencia laboral deberán xustificarse polo menos 3 anos, cun mínimo de 2.000 horas traballadas en total nos últimos 15 anos. Será necesario achegar:

- Vida laboral.

- Certificado da actividade desenvolvida (Anexo II).

- No caso de persoal asalariado, contratos de traballo.

No caso de formación é preciso xustificar polo menos 300 horas nos últimos 10 anos. Será necesario presentar:

- Copia dos certificados que acrediten a formación, nos que consten os contidos, as horas de formación e o organismo que a acredita.

- Fases

O proceso consta de dúas fases, ambas as dúas obrigatorias para poder xustificar a competencia profesional: unha fase de asesoramento, que poderá desenvolverse de forma presencial ou telemática, e outra de avaliación, que terá por obxecto comprobar se a persoa solicitante demostra a competencia profesional requirida. Na avaliación poderase empregar a observación da persoa candidata no posto de traballo, simulacións, probas estandarizadas de competencia profesional ou a entrevista profesional.

- Centros participantes

O proceso desenvolverase para toda Galicia nos centros seguintes:

CIFP A Xunqueira

Rúa Rafael Areses s/n

36155, Pontevedra

CIFP Ánxel Casal - Monte Alto

Paseo Marítimo, 47

15002, Coruña, A

- Taxas

O proceso ten unhas taxas asociadas no momento de ser admitidas as solicitudes.

- Taxa da fase de asesoramento

As persoas candidatas admitidas para a realización da fase de asesoramento deberán aboar unha única taxa de 21,68€.

- Taxa da fase de avaliación

A persoa candidata admitida para a realización da fase de avaliación deberá aboar unha taxa de 10,84€ por cada unha das unidades de competencia nas que solicite a súa avaliación. Para

as 5 unidades de competencia serían 54,2€.

Solicitudes

A partir do 3 de xullo Bamad comezará a recepción da documentación das persoas interesadas en participar no proceso. Aquelas persoas que desexen participar e que aínda non facilitasen os seus datos poden inscribirse neste formulario: https://forms.gle/NWZ9LU8S2KbJB8q2A

Bamad enviará información máis completa ás persoas inscritas para que comecen a enviar os seus datos e documentación.

En todo caso, as persoas que desexen participar poden optar por presentar a solicitude de maneira individual. Bamad presta o servizo de información e axuda na tramitación pero non é obrigatorio acudir a esta vía.

Máis información

Que é a acreditación? https://www.edu.xunta.gal/fp/acredita

Orde do 4 de xuño de 2021 pola que se regula, no ámbito do sistema educativo da Comunidade Autónoma de Galicia, o proceso de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral para unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais (código de procedemento ED517B).

Real Decreto 151/2022, de 22 de febrero, por el que se actualizan determinadas cualificaciones profesionales de las familias profesionales Hostelería y Turismo, Marítimo-Pesquera, Seguridad y Medio Ambiente, y Servicios Socioculturales y a la Comunidad, recogidas en el Catálogo Nacional de Cualificaciones Profesionales.

Bamad Galicia <bamadgalicia@gmail.com>

---